



Xoán Ramón Alvite

Colaborador de *La Voz de Galicia*, especialista en gandería

Muxir unha vaca non é poñer unha lavadora

► SE QUERE AFORRAR LUZ, É MELLOR MUXIR DE MADRUGADA. ISO SI, NON LLE VAI QUEDAR TEMPO PARA PASAR O FERRO OU POÑER A LAVADORA

Por moi obvia que poida resultar a afirmación, unha vaca non é un ferro de pasar nin unha lavadora que se poida enchufar a unhas horas e apagar a outras. E non fai falta que lles diga máis para saber que este texto vai sobre o cambio das tarifas eléctricas e o máis que previsible aumento da factura que todos pagaremos a partir deste mes.

Porque cando o único remedio que as autoridades lle poñen a este asunto é o de aconsellar un uso máis “eficiente” da enerxía –ou sexa, poñer a lavadora ou pasar o ferro de madrugada ou nas fins de semana, cando a luz é máis barata– convén deixar claro que non todos poden facer tal cousa.

Dáse a casualidade de que a inmensa maioría das granxas galegas moxen as vacas ou arrefrían o leite no chamado horario punta, o máis caro de todos. E, loxicamente, non teñen posibilidade de cambiar estes traballos nin para outra hora nin para outro día. Isto significa que, de xeito irremediable, sufrirán un aumento importante da súa factura ao ter que pagar o quilovatio hora –o importe varía cada día– a prezos de máis de 35 céntimos, cando hai un ano a media mensual apenas chegaba aos 15. Traducido a diñeiro e segundo os cálculos de varias asociacións de consumidores, unha granxa de tamaño medio acabará pagando entre 130 e 150 euros máis ao mes polo seu consumo eléctrico.

Cantidades que se suman ás que xa houbo que soportar a principios de ano cos incrementos das cotizacións dos pensos, dos plásticos ou do gasóleo agrícola e que, por suposto, irán directamente á conta de perdas das explotacións dado que, coma sempre, lles resulta imposible repercutilas no prezo ao que lles pagan o litro de leite a industria.

Calquera que teña cinco minutos libres –os datos son públicos e están en Internet– pode comprobar a evolución tan diferente que tiveron os custos de produción e o litro de leite nos últimos tempos. Saben a canto se pagaba o leite hai xusto vinte anos? En maio de 2001 a 55 pesetas, 33 céntimos dos de agora. Os custos, segundo datos do propio Ministerio de Agricultura, eran de 40 pesetas (24 céntimos).

E así leva sucedendo dende tempos inmemoriais, ante a pasividade duns políticos que non paran de encher a boca con promesas de tempos de bonanza para o rural e dunhas administracións que saturan os boletíns oficiais de normativas que, ou ben non resultan eficientes para o que foron creadas ou, directamente, nin sequera se cumpren.

A min xa me esgota, a estas alturas, falar da Lei da cadea alimentaria. Aquel documento que nos venderon como solución definitiva ao continuo incremento dos custos porque, en teoría, acabarían repercutindo sobre o prezo do leite en orixe. Na práctica, este ambicioso obxectivo reduciuse –as industrias estiveron espelidas, coma sempre– a que os propios gandeiros recoñezan por escrito nos contratos que o prezo que reciben é superior ao que lles custa producir. Non lles vou dicir que pasa se alguén se nega a asinar, porque o saben mellor ca min.

Así que xa saben. A solución non son as placas solares, nin as luces LED. Nin sequera os intercambiadores de calor ou os variadores de frecuencia. Se quere aforrar luz –o da baixada do IVE nin lle vai nin lle vén, xa sabe–, convénzase vostede e convenza as súas vacas de que é mellor muxir de madrugada. Iso si, non lle vai quedar tempo para pasar o ferro ou poñer a lavadora. ■